



CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O MINISTERIO DE DEFENSA PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA DURANTE A ÉPOCA DE PERIGO ALTO DE INCENDIOS DO ANO 2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar co Ministerio de Defensa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación ata o quince de setembro de 2018 (15/09/2018).

Que o instrumento convencional ten por obxecto: A colaboración do Ministerio de Defensa coa Xunta de Galicia. Esta colaboración consistirá no despregamento operativo de patrullas terrestres, con misión de vixilancia e disuasión, de acordo cos niveis de risco medio, alto e moi alto.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

PRIMEIRO.- O Decreto 146/2016, do 13 de novembro, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e nela intégrase a Consellería do Medio Rural. O Decreto 166/2015, do 13 de novembro, establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural. Esta Consellería é o órgano da Administración galega ao que, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, correspóndelle propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo coas competencias atribuídas á Comunidade Autónoma nos artigos 27.10 e 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia e demais normativa de aplicación. Entre as funcións atribuídas atópase a coordinación dos medios necesarios para alcanzar o devandito obxectivo

SEGUNDO.- A Consellería do Medio Rural está interesada en colaborar co Ministerio de Defensa para o emprego de recursos militares na prevención de incendios forestais. A grande capacidade de despregue de medios, tanto persoais coma materiais, que posúen os corpos de seguridade do Estado, pertencentes ao Ministerio de Defensa, fan deste organismo o único competente e con garantías para desenvolver as accións que constitúen o obxecto do convenio de colaboración a asinar.





TERCEIRO.- Dada a especificidade das accións, o obxecto do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, conforme ao establecido no artigo 6.1. da Sección 2ª. Negocios e contratos excluídos, do Capítulo I: Obxecto e ámbito de aplicación, do Título Preliminar: Disposicións Xerais

CUARTO.- a Xunta de Galicia e a Administración Xeral do Estado, considerando necesaria a colaboración das Administracións Públicas e a achega de recursos adicionais en materia de loita contra incendios forestais, así como unha axeitada coordinación para asegurar a eficacia dos devanditos medios, subscribiron un Protocolo de actuación na época de perigo alto de incendios forestais do ano 2007 entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia, ao que acompañaban como anexo un Programa de achega de medios e efectivos de forzas e corpos de seguridade do Estado e das Forzas Armadas para a prevención, apoio á extinción e extinción dos incendios forestais en Galicia. O devandito Programa, en relación coa prevención de incendios forestais, previa unha achega de recursos militares articulada en tres niveis de esforzo, vinculados á gravidade da situación en cada momento.

Derivado do documento anterior e co fin de concretar os aspectos operativos e económicos da colaboración, o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia subscribiron un Convenio de colaboración para a actuación das Forzas Armadas na prevención de incendios forestais en Galicia durante a época de perigo alto de incendios forestais do ano 2007 que se desenvolveu de acordo co previsto e a plena satisfacción de ámbalas dúas partes. Por iso durante as épocas de perigo alto de incendios forestais dos anos 2008 a 2017, asináronse novos convenios de colaboración con este mesmo fin.

Ante os bos resultados obtidos, tanto a Xunta de Galicia coma o Ministerio de Defensa decidiron reeditar o devandito Convenio de colaboración un ano máis co fin de integrar a acción das Forzas Armadas dentro do dispositivo xeral de prevención e loita contra incendios forestais nesa Comunidade Autónoma para a época de perigo alto de incendios forestais do ano 2018.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

